

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.11.2019      Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 57194 (10/PNC-004543)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de prazas e as condicións laborais existentes nas residencias para persoas maiores  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*
- 1.2 57260 (10/PNC-004549)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de servizos sanitarios, sociais e educativos existente nos concellos galegos da Montaña lucense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*
- 1.3 57468 (10/PNC-004569)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei de emprego de Galicia na cal se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
- 1.4 57641 (10/PNC-004587)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para impulsar e regular a profesión de educador ou educadora social  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*

- 1.5            57672 (10/PNC-004594)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
co número de profesionais de logopedia contratados polo Sergas na  
actualidade e a participación do Colexio Profesional de Logopedia de  
Galicia na mellora do sistema sanitario público  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
- 1.6            58093 (10/PNC-004637)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coa negociación do convenio colectivo das fundacións biomédicas de  
investigación sanitaria de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019*
- 1.7            58131 (10/PNC-004643)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para  
garantir a atención pediátrica no concello de Fene en condicións de  
suficiencia e calidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019



Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 57194(10/PNC-004543)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de prazas e as condicións laborais existentes nas residencias para persoas maiores

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/10/2019 18:13:02  
Nº Rexistro: 57194  
Data envío: 08/10/2019 18:13:02.182

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

### Exposición de motivos

A situación do País en relación as residencias de maiores é moi alarmante. As existentes na actualidade non dan resposta ás necesidades derivadas do avellentamento progresivo da sociedade e do incremento do número de persoas con algún grao de dependencia. As prazas en residencias públicas son totalmente insuficientes, situándonos por debaixo da ratio que recomenda a OMS.

As traballadoras destas, xa sexa das públicas, concertadas ou privadas, están soportando unhas condicións de sobrecarga de traballo importantes, xa que os cadros de persoal son insuficientes, con múltiples consecuencias. Existe no sector unha sinistralidade laboral moi elevada, con numerosas baixas e, ademais, a actual organización dificulta que se poidan realizar todos os coidados necesarios ás persoas usuarias sen alterar os seus horarios.

Así, por exemplo, resulta alarmante que a Consellería de Política Social sexa a que ten o índice de accidentes e enfermidades máis elevado do conxunto das consellerías da Xunta.

O persoal dependente directamente da administración pública leva anos vendo

CSM-REXISTROS/bmYMy8  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/10/2019 18:13:02**  
**Nº Rexistro: 57194**  
Data envío: 08/10/2019 18:13:02.182

como empeoran as súas condicións laborais. A suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral supuxo, entre outras cuestións, que desapareceran nas carteleiras os descansos adicionais por traballo a quendas e os directos por traballo en fin de semana e festivos, aumentando a carga horaria de maneira considerable.

A administración leva anos apostando por unha privatización progresiva do conxunto dos servizos públicos. Así, por exemplo, o informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes evidencia que máis do 65% das prazas ofertadas corresponden a entidades privadas, unha tendencia que vai incrementando ano tras ano.

As listas de agarda evidencian a situación de fracaso das políticas sociais destes anos, xa que o prazo medio de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi por riba dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata acadar o ingreso no centro residencial, de 154 días, moi superior aos tres meses estipulado pola normativa aplicable.

Polo tanto, a Xunta de Galicia debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza tal e como se fixa na normativa, e apostar polos servizos 100% públicos.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/10/2019 18:13:02  
Nº Rexistro: 57194  
Data envío: 08/10/2019 18:13:02.182

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral, coa fin de evitar a sobrecarga de traballo.
2. Incrementar o número de prazas nas residencias públicas ata acadar como mínimo a ratio recomendada pola OMS.
3. Aumentar os cadros de persoal das residencias públicas para rematar coa sobrecarga de traballo existente na actualidade e poder cubrir o conxunto das necesidades das persoas usuarias, para o cal se incrementaran as partidas orzamentarias xa dende os orzamentos do ano 2020.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo  
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda  
Manuel Lago Peñas  
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 08/10/2019 18:11:11**

**José Manuel Lago Peñas na data 08/10/2019 18:11:23**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTROS0M0m1Mry6

Validado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/10/2019 18:13:02**  
**Nº Rexistro: 57194**  
Data envío: 08/10/2019 18:13:02.182

CSX, REXISTROSM00m\*1My6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 57260(10/PNC-004549)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de servizos sanitarios, sociais e educativos existente nos concellos galegos da Montaña lucense

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As zonas de Montaña galegas vense moi afectadas pola falta de servizos de atención á Dependencia, debido ao seu avellentamento e escaseza de poboación, así como polas súas menores facilidades para a comunicación.

Nos concellos lugueses da Montaña, son precisas máis horas de Servizo de Axuda no Fogar, tanto para persoas valoradas como dependentes como para persoas que o precisan para mellorar a súa autonomía persoal. A situación de falta de horas de SAF e falta de servizos de centro de día conleva que moitas persoas de mediana idade teñan que renunciar á súa vida laboral para atender a persoas maiores e dependentes, nun contexto de baixos salarios e baixas pensións.

Hai que lembrar que a enquisa do IGE sobre a autopercepción da Dependencia revelou que en 2017 había en 117.875 persoas que se declaran en situación de dependencia en Galicia, un 25,06% máis que en 2011. Dita enquisa indica que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Ademais, segundo sinal a enquisa, “O 72,49% da poboación galega que se dedica a labores de coidado de persoas con dependencia tivo que reducir o seu tempo de ocio e as súas relación sociais ao comezar a desempeñar as ditas tarefas de coidado; o 38,27% suprimiu tempo dedicado ao traballo doméstico; no 25,77% dos casos viuse afectado o traballo remunerado ou os estudos da persoa coidadora e no 55,83% a súa vida familiar.”





En canto á falta de servizos, a enquisa indica que máis de 53.000 persoas que se autoperciben con dependencia en Galicia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día. Esta situación é máis grave nas zonas de Montaña envellecidas.

Á necesidade de mellorar os servizos sociais únese a falta de servizos de Atención Primaria, con prazas de Medicina Familiar amortizadas nos últimos anos en varios concellos de Montaña de Lugo.

Dende En Marea defendemos que se blinden os servizos sociosanitarios nas zonas de Montaña, garantindo prazas suficientes de centros de día, e introducindo en todo o territorio a figura da profesional de Traballo Social nos centros de saúde, para colaborar estreitamente cos servizos sociais na atención de problemas sociosanitarios que se agravan co avellentamento demográfico.

En canto ás residencias previstas pola Deputación de Lugo, non van resolver toda a demanda de servizos e é preciso un entendemento entre administracións para que o seu funcionamento sexa satisfactorio e sostido no tempo, para o cal a Xunta – con competencias en materia de Asistencia Social – asuma o seu compromiso coa atención á Dependencia na Montaña.

A Montaña luguesa presenta os maiores valores de envellecemento do País.

Os concellos da denominada comarca de Ancares contan con 10.019 habitantes (2018), dos cales o 40% ten máis de 65 anos, cun índice de envellecemento de 516,01. A comarca da Fonsagrada, 5.075 habitantes, dos cales o 40% ten máis de 65 anos, cun índice de envellecemento de 568,88. A comarca quiroguesa conta con 5.245 habitantes, dos cales o 40% ten máis de 65 anos, cun índice de envellecemento de 495,72.





Tendo en conta as súas características, as zonas de montaña precisan políticas de “discriminación positiva” para garantir os servizos públicos, potenciando así que a cidadanía destes territorios poida vivir e traballar con dignidade, cos mesmos dereitos que o resto da poboación.

Polo exposto, o Grupo Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un mapa de servizos esenciais para os concellos galegos de Montaña que blinde o dereito da cidadanía destas zonas ao acceso aos servizos sanitarios, sociais e educativos; este mapa debe establecer especificamente unha axeitada cobertura de prazas en centros de día, residencias de maiores e servizos de Atención Primaria de saúde e emerxencias.
2. Aumentar os fondos do Plan Concertado de Servizos Sociais para os concellos galegos de Montaña.
3. Frear os peches de servizos básicos nos concellos de Montaña e establecer un mecanismo que garanta que para eliminar un servizo nestas zonas sexa necesario un informe e xustificación específico.
4. Impulsar, xunto co Consello Económico e Social, os concellos galegos de Montaña e cantas organizacións sociais estean concernidas un proceso de elaboración dunha Lei Galega de Montaña que garanta a igualdade de oportunidades para a cidadanía destas zonas.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2019 13:58:35**  
**Nº Rexistro: 57260**  
Data envío: 09/10/2019 13:58:35.012

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 09/10/2019 13:57:48**

**Luis Villares Naveira na data 09/10/2019 13:58:00**

CSX: REXISTROhdLyu04  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 57468(10/PNC-004569)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei de emprego de Galicia na cal se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2019 13:14:35  
Nº Rexistro: 57468  
Data envío: 11/10/2019 13:14:35.063

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

### Exposición de motivos

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas

CSM-REXISTROCOMUNO9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2019 13:14:35  
Nº Rexistro: 57468  
Data envío: 11/10/2019 13:14:35.063

expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social, ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha Lei de emprego de Galicia, na que se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego, definindo o sistema de emprego de Galicia e a súa carta de servizos, así como a natureza, misións e funcións do Servizo Público de Emprego de Galicia, de xeito que se configure como organismo autónomo, reforzando o seu carácter de servizo público e dotando o mesmo de máis recursos humanos e materiais.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Manuel Lago Peñas

Deputada e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/10/2019 13:14:35**  
**Nº Rexistro: 57468**  
Data envío: 11/10/2019 13:14:35.063

**Eva Solla Fernández na data 11/10/2019 13:13:14**

**José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2019 13:13:21**

CSX, REGISTRO MROSBRWCS  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 57641(10/PNC-004587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para impulsar e regular a profesión de educador ou educadora social

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/10/2019 16:47:19  
Nº Rexistro: 57641  
Data envío: 15/10/2019 16:47:19.153

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A profesión de educador/a social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da educadora e do educador social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da educadora e do educador social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo cal se establece o título universitario oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando desta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar. través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

CSM-REXISTROUROROKYCWZ  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/10/2019 16:47:19  
Nº Rexistro: 57641  
Data envío: 15/10/2019 16:47:19.153

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector.

Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais. De feito, recentemente coñecíamos que a Xunta de Galicia ultima a convocatoria de case noventa prazas de educador social, e segundo o texto da orde que xa está a ser negociado coas centrais sindicais, un dos puntos que preocupa e xera incerteza especialmente ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), é que a Administración autonómica contempla cubrir estas prazas tamén con persoal doutras titulacións. Este é o punto que máis indigna ao CEESG, que reclama mudanzas á Xunta e xa prepara mobilizacións.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Extremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/10/2019 16:47:19**  
**Nº Registro: 57641**  
Data envío: 15/10/2019 16:47:19.153

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:
  - a) Promover un cambio normativo no sentido de posibilitar que nas ofertas públicas de emprego se substitúa o posto de “educador/a” polo de “educador/a social” e, con relación ás convocatorias de emprego público, que a oferta de prazas de acceso libre e promoción interna sexa, en exclusiva, para profesionais da Educación Social.
  - b) Regularizar a profesión da Educación Social en Galicia a través dunha lei galega de profesionalización da Educación Social.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España á regularización da Profesión da Educación Social a nivel estatal, a través dunha Lei de profesionalización da Educación Social.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2019 16:00:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2019 16:00:54**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/10/2019 16:47:19**  
**Nº Registro: 57641**  
Data envío: 15/10/2019 16:47:19.153

**Julio Torrado Quintela na data 15/10/2019 16:01:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2019 16:01:16**

CSX REGISTROURSOKYcWZ  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 57672(10/PNC-004594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de profesionais de logopedia contratados polo Sergas na actualidade e a participación do Colexio Profesional de Logopedia de Galicia na mellora do sistema sanitario público

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2019 12:23:25  
Nº Rexistro: 57672  
Data envío: 16/10/2019 12:23:25.802

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O desenvolvemento de funcións e aplicacións do traballo dos/as logopedas vén incrementándose nos últimos anos, aínda que a súa implantación a través dos servizos públicos reflicte esta realidade de maneira máis lenta. En torno ao 2,5 % da poboación galega sofre ou pode sufrir de trastornos da comunicación, o que aumenta se engadimos aqueles problemas relacionados con outras funcións relacionadas coa inxesta ou derivados.

O Sergas ten contratados a 17 profesionais de logopedia, concentrados nalgúns das grandes cidades (1 cada 150.000 usuarios/as aproximadamente). A ausencia de políticas de Recursos Humanos decididas pola multidisciplinidade afonda no problema do modelo de atención primaria que, de contar con especialistas diversos podería afrontar de maneira máis decidida un cambio real de modelo que potencie a propia atención primaria e a faga máis eficiente e resolutive.

A participación dos/as profesionais de logopedia neste modelo sería de utilidade. A súa situación, non en tanto, dista moito de ser a axeitada. A distribución sinalada conleva problemas de accesibilidade ao sistema en certa igualdade por parte de toda a poboación, e o moi baixo número de profesionais presentes conleva unha saturación dos propios profesionais e unha elevada demora na atención. Esta cuestión ten a derivada na externalización deste servizo, o que provoca perda de continuidade da atención dentro do Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a posibilidade de duplicar o volume de profesionais de logopedia no Sergas nos vindeiros tres anos, e estudar a súa incorporación progresiva

CSM-REXISTROFOPUB/kydu079  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2019 12:23:25**  
**Nº Registro: 57672**  
Data envío: 16/10/2019 12:23:25.802

- de maior número de profesionais para achegarse ás ratios profesional/paciente establecidas polas organizacións profesionais.
2. Incorporar á representación das/os profesionais de logopedia, coa participación do Colexio Profesional de Logopedia de Galicia, ás xuntanzas e grupos de traballo organizados dende a Consellería para a mellora do sistema sanitario público.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:06:47**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:06:58**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 12:07:20**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 58093(10/PNC-004637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación do convenio colectivo das fundacións biomédicas de investigación sanitaria de Galicia

*Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2019 13:46:54  
**Nº Rexistro: 58093**  
Data envío: 24/10/2019 13:46:54.524

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa as demandas dun convenio colectivo digno para @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os institutos de investigación biomédica de Galiza son estruturas organizativas de promoción e desenvolvemento da investigación nos hospitais. Constitúense como espazos multidisciplinares, co obxectivo de promover a investigación translacional e a innovación, para así garantir a aplicación efectiva dos resultados para beneficio das/os cidadáns.

O valor do seu traballo, a través da aplicación clínica, aporta importantes beneficios sobre a saúde das persoas.

@s presidentes/a dos comités de empresa das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS reuníronse cos diferentes grupos parlamentares para expoñernos a situación laboral que padece o persoal e en demanda de apoio para que a consellaría de Sanidade acepte negociar un convenio colectivo digno.

CSM-REVIS:TR0DkcsUKCA7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/10/2019 13:46:54

Nº Rexistro: 58093

Data envío: 24/10/2019 13:46:54.524

Trasládannos que este convenio atinxe a máis de 500 traballadores/as que a día de hoxe non teñen unha norma propia que regule nin as súas condicións laborais, nin as súas obrigas profesionais. Esta situación impide un correcto desenvolvemento da carreira investigadora en Galiza e dignificar as condicións laborais actuais e pon en perigo a captación do talento que non se retén pola falta de interese da consellaría de Sanidade.

@s representantes do persoal das fundacións denuncian ademais que mentres a consellaría se gaba do alto valor da investigación científica en Galiza e dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina e a súa aplicación clínica para a saúde da poboación, condena @s profesionais a unhas condicións de inestabilidade e precariedade, en xeral.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

-- Desbloquear a negociación do convenio colectivo d@s Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS.

-- Abrir unha negociación para un convenio colectivo digno en base á realidade existente en Galiza e para todas as categorías.

-- Designar representante da Consellaría de Sanidade para esta negociación que teña capacidade de decisión.”

CSX4 REXISTROD1KCSU0QAZ  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/10/2019 13:46:54**  
**Nº Rexistro: 58093**  
Data envío: 24/10/2019 13:46:54.524

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 13:35:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 13:35:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 13:35:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 13:35:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 13:35:50**

CSX\_FEXYSTRODJKcaUQ0A7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/10/2019 13:46:54**  
**Nº Registro: 58093**  
Data envío: 24/10/2019 13:46:54.524

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 13:35:58**

CSX: FEYJSTFRODJKsUKQAZ  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.11.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 58131(10/PNC-004643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a atención pediátrica no concello de Fene en condicións de suficiencia e calidade

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/10/2019 13:11:30  
**Nº Rexistro: 58131**  
Data envío: 25/10/2019 13:11:30.341

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Fene. O servizo de pediatría no PAC de Fene vén sufrindo problemas de atención pola falla de persoal, o PAC conta con 2 prazas de pediatra que están vacantes.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 25/10/2019 13:11:30

Nº Rexistro: 58131

Data envío: 25/10/2019 13:11:30.341

O servizo que conta con dúas pediatras, teoricamente, leva desde setembro coas prazas sen cubrir e até este momento o Sergas non deu ningunha opción satisfactoria para solucionar esta situación.

Diante deste problema, pais e nais usuarios/as do PAC enviaron numerosas queixas ao Sergas pola vía ordinaria, e as respostas foron tan pintorescas como que acudisen as crianzas de 0 a 3 ás urxencias do CHUF A. Marcide ,e os demais a calquera dos médicos de familia do centro de saúde que lles corresponda, Fene, Maniños ou A Capela. A xerencia do Sergas de Ferrol foi máis aló e prega por escrito paciencia e comprensión porque que non hai pediatras dispoñibles.

En definitiva, falamos dunha poboación pediátrica de 1.700 persoas que precisan unha resposta áxil do Sergas e non evasivas.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. No convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a garantir a atención pediátrica no concello de Fene en condicións de suficiencia e calidade, cubrindo as ausencias, vacacións ou baixas d@s pediatras e polo tanto realizar de inmediato as dúas ausencias de pediatría existentes.”

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/10/2019 13:11:30**  
**Nº Registro: 58131**  
Data envío: 25/10/2019 13:11:30.341

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2019 13:00:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2019 13:00:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2019 13:00:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2019 13:00:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2019 13:00:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2019 13:00:41**

CSV REGISTRO XERAL DE GALICIA  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

